

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 03/05/2014.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

D^a Silvia Fernández Muiño.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta minutos do día tres de maio de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteseis de marzo do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. TOMA DE COÑECEMENTO SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO 1º TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Dase conta polo Secretario-Interventor do contido do informe emitido polo Tesoureiro do Concello, con data do 28/04/14 que literalmente di:

"Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións. Primeiro trimestre de 2014.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 37/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

- RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

II.- CONSIDERACIÓNS:

En aplicación do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º.3 e 5º.4, en canto á obrigatoriedade de informar o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pago das obrigacións, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º.3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:

O prazo ao que se refire o art. 4º.3 da Lei 15/2010 é o establecido no art. 3º.3 da devandita lei que engade a disposición transitoria 8ª á Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, de trinta días, vixente a partir do inicio do pasado ano 2013.

Polo referido ó primeiro trimestre da presente anualidade 2014, a totalidade dos pagos de obrigacións desta entidade local correspondentes a facturas ou certificacións presentadas entre os días 1 de xaneiro e 31 de marzo de 2014 realizáronse cumprindo os prazos previstos na Lei 15/2010. En consecuencia, na data do presente informe, e segundo a documentación existente nas dependencias deste Concello, salvo erro o u omisión, non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010 correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado período do primeiro trimestre do presente ano 2014.

III.- CONCLUSIÓN

É canto se debe informar segundo a normativa de aplicación, proponendo:

- Que se dea traslado do presente informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.

- Que se de conta ó Pleno de acordo co establecido no art. 5º.4 da Lei 15/2010."

A Corporación queda enterada do contido do informe de que se trata.

TERCEIRO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da adhesión do Concello ó convenio marco asinado entre a SGAE e a FEMP, para o aprazamento das cantidades pendentes de pago por parte do Concello nas anualidades de 2014 a 2017. O contido dos acordos correspondentes xa figura en actas da Xunta de Goberno Local das que teñen coñecemento os membros da Corporación.

A Corporación queda enterada e conforme.

Dase conta de seguido do contido da Resolución da Alcaldía de data do 28/04/14, formulando solicitude diante da Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais correspondente ó presente ano 2014, da que xa se deu conta á Xunta de Goberno e que literalmente di:

“Dase conta do expediente incoado para a solicitude a formular diante da Consellería de Traballo e Benestar da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais correspondente ó presente ano 2014, en cumprimento do establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Vista a lexislación aplicable ó asunto, especialmente o artigo 21-1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e concordantes, esta Alcaldía

RESOLVE:

1º.- Solicitar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais correspondente ó presente ano 2014, en cumprimento do establecido no Decreto 99/2012, por un importe total de 155.507,80 euros, co seguinte detalle:

- Persoal: 15.013,00 €
- Mantemento: 0,00 €
- Axuda no fogar:
 - o Modalidade de prestación básica: 0,00 €
 - o Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 140.494,80 €
- Xestión de programas: 0,00 €.
- Investimento: 0,00 €.

2º.- Especificar que este Concello segue a prestar os servizos sociais para os que se solicita axuda, nas mesmas condicións do ano anterior.

3º.- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014 na contía de 168.585,48 €, que supón unha porcentaxe do 52,02 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º.- Ordear a remisión, coa brevidade posible, da totalidade da documentación necesaria para a solicitude da transferencia finalista de que se trata, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.”

A Corporación queda enterada e conforme, ratificando o contido desa Resolución.

Infórmase de seguido ó Pleno de pequenas modificacións de detalle introducidas a instancia da Consellería de Traballo e Benestar no “Proxecto básico e de execucion da escola infantil de San Sadurniño” aprobado polo Pleno na súa sesión do 28/11/13, que non afectan á estrutura do proxecto nin ó seu presuposto e que son precisas para facilitar a concesión da necesaria autorización administrativa para a creación do centro.

A Corporación queda enterada e conforme coas modificacións de que se trata.

Dase conta de seguido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión do día 11/04/14, de ratificación da Resolución de data do 31/03/14, pola que, a proposta do concelleiro de facenda, se aproban os marcos presupostarios do Concello para as anualidades de 2014 a 2017, co seguinte detalle:

	2014	Tasa variación 2014/2015	2015	Tasa variación 2015/2016	2016	Tasa variación 2016/2017	2017
Total ingresos	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00
Ingresos correntes	2.072.432,52	0	2.072.432,52	0	2.072.432,52	0	2.072.432,52
Ingresos de capital	767.567,48	0	767.567,48	0	767.567,48	0	767.567,48
Ingresos financeiros	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Total gastos	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00	0	2.840.000,00
Gastos correntes	1.911.800,00	0	1.911.800,00	0	1.911.800,00	0	1.911.800,00
Gastos de capital	928.200,00	0	928.200,00	0	928.200,00	0	928.200,00
Gastos financeiros	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00

A Corporación queda enterada e conforme.

Finalmente, dase conta de que, en uso da delegación xenérica de competencias en favor da Xunta de Goberno acordada pola Corporación, realizouse por ese órgano de goberno, en sesión extraordinaria de data do 30/04/14, o sorteo para elixir os membros das mesas electorais para as eleccións ó Parlamento Europeo que se celebrarán o 25 de maio próximo.

A Corporación queda enterada e conforme.

CUARTO. MOCION DO B.N.G. SOBRE A REFORMA DO PODER XUDICIAL.

Dase conta da moción para solicitar a retirada do anteproxecto de Lei Orgánica do poder xudicial presentada polo portavoz do BNG no rexistro do Concello con data do 28/04/14, que o Sr. Soto resume de maneira breve e que literalmente di:

“O Anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial que vén de ser difundido polo Goberno central reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía.

O sistema proposto decántase por un modelo provincial, que faría desaparecer todos os partidos xudiciais de ámbito inferior para centralalos en tribunais de instancia provinciais. Así, en liña coa reforma da administración local, o Goberno do Estado español empéñase en reforzar as provincias, cando se trata dunha realidade territorial superada polos cambios demográficos e institucionais nas últimas décadas, para alén de ser un marco territorial e competencial alleo á realidade social e territorial da Galiza.

Esta concepción centralista do anteproxecto de lei pon de manifesto, máis unha vez máis, que a capacidade e competencia para deseñar o marco territorial da xustiza na Galiza debера ser transferida ao Goberno galego para poder realizar un deseño adaptado á realidade social, demográfica e territorial da nosa nación. No caso da Galiza podería realizarse consonte o disposto no artigo 20.2º do EAG, tendo en conta, ademais, que a dotación dos medios humanos e materiais para o funcionamento dos órganos xudiciais se afronta cos orzamentos da administración galega.

Este anteproxecto de lei xerou alarma entre os/as profesionais do ámbito da xustiza, alcaldías, e na cidadanía en xeral porque o Goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital de provincia. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Lonxe de rectificar, o Goberno español pretende afondar en impedir aínda máis o acceso á xustiza, un proceso que comezou coa implantación de taxas xudiciais regresivas.

De ir adiante esta proposta, cidades do tamaño e as características de Vigo, Ferrol ou Santiago de Compostela, así como concellos de dimensións relevantes que son cabeceiras de comarca veríanse privadas de contar cun partido xudicial, o que provocaría un auténtico caos e empeoraría o servizo á cidadanía. A xustiza encareceríase, sería menos accesíbel, e obrigará a cidadanía a continuos traslados a capitais de provincia coas consecuentes perdas de tempo, desembolsos económicos e demais trastornos.

O BNG é contrario a unha reforma desta envergadura porque empeoraría a xustiza na Galicia cando é evidente que o camiño non é o da redución de xulgados. De feito, no territorio galego precisaríanse máis xulgados, mesmo unha revisión da demarcación da planta xudicial que teña en conta os cambios demográficos habidos nas últimas décadas para que, ademais de mantérense os xulgados nas cabeceiras de comarca existentes, se implanten sobre todo novos xulgados en cidades e vilas que experimentaron aumentos poboacionais significativos, e para se reforcen alí onde se detectaren deficiencias. Ao mesmo tempo, este anteproxecto tampouco resolve as disfuncións do actual sistema xudicial e a súa falta de adecuación á nova tipoloxía dos litixios.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1. Dirixirse ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle:

1. A retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial aprobado polo Consello de Ministros que inclúe unha organización xudicial baseada na existencia dun único tribunal de instancia de ámbito provincial.

2. O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que implique a transferencia a Galiza da competencia exclusiva sobre a delimitación da demarcación e planta xudicial, e permita acometer unha revisión que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca.

2. Dirixirse ao Goberno Galego a fin de reclamarlle:

- Que manifeste a súa rotunda oposición á implantación dos tribunais de instancia provinciais, á supresión dos partidos xudiciais nas vilas que son cabeceiras de comarca e que demande do Goberno do Estado español a súa retirada do Anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial.
- Que inicie os trámites para a solicitude, consonte o disposto no artigo 20.2 do EAG, das competencias para demarcación e organización xudicial na Galiza.
- Que se cree un grupo de traballo para a definición dun modelo adecuado ás particularidades sociais, territoriais e demográficas da Galiza que conte con representación dos grupos parlamentares, dos concellos, das organizacións representativas de todos os operadores xudiciais que sirva como base para a negociación co Goberno do Estado español e que, cando menos, teña en conta os seguintes criterios: o respecto ao dereito á tutela xudicial, o acceso universal á xustiza, o achegamento da xustiza á cidadanía, todo iso con base nun modelo xudicial flexíbel, con criterios de funcionalidade e non orgánicos."

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos oito membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Márquez toma a palabra brevemente para manifestar a súa conformidade coa proposta, que coincide co que defende o seu partido, en contra do alonxamento e da centralización da xustiza e da redución dos dereitos dos cidadáns e a favor de manter a proximidade.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus oito membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

Antes de pasar ó quinto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión. Non se prantexan solicitudes nese sentido.

QUINTO. ROGOS E PREGUNTAS.


Toma a palabra o Sr. Márquez, para preguntar se as obras do aparcamento xunto á Igrexa de Santa Mariña están xa rematadas. O Sr. Alcalde resposta que aínda non, que queda pendente a pavimentación, para a que é precisa a autorización previa de Patrimonio, que está xa solicitada, que a actuación resposta a unha demanda veciñal e que o terreo é público e figura incluído no Inventario do Concello. A Sra. Calvo di que o

peche do perímetro con elementos metálicos xa está feito, para evitar o uso dese espazo como lugar para o depósito de madeira.

Pregunta de seguido o Sr. Márquez pola razón de que unha parte dos veciños da parroquia de Naraío teñan que ir votar á mesa de Igrexafeita, respostando o Sr. Alcalde que se trata dunha reordenación que resposta ó desexo de manter a existencia dunha mesa electoral en cada parroquia, que podería desaparecer se o número de electores censados baixase de douscentos, reducindo ó tempo a distancia de desprazamento dalgúns veciños de Naraío que residen en núcleos e lugares máis próximos á mesa de Igrexafeita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e corenta e catro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

